



Grande
UN MAR DE PALABRAS

Don Xosé Luís Franco Grande naceu en Tebra o 17 de febreiro de 1936. Fillo dun mestre rural, aprende desde a infancia a querer a cultura e lingua do seu País. Esa fonda pegada que deixou nel o seu proxenitor había ser determinante na súa vida, como o demostra o seu estudo sobre “*A festa das sete vacas en Tebra, reminiscencia dun vello culto xermánico*”. Pero Tebra non só había ser fonte de inspiración para a divulgación da súa ricaz etnografía, tamén o foi para a súa densísima obra poética. O imaxinario popular dos seus eidos nativos tingue a totalidade da súa obra literaria. Intimista, pero tamén descritivo, aborda con lirismo a paisaxe da súa infancia, superando, segundo un estudoso da súa obra “a tódolos escritores da súa xeración”.

PONTE DE DÚAS XERACIÓNS

Para entender o papel de Franco Grande nas letras galegas é imprescindible saber que el e a súa xeración son a ponte entre a Xeración Nós, moitos deles mortos, e outros, os sobreviventes sometidos á crueldade da represión franquista. A Xeración Galaxia, como se deu en chamar a estes sobreviventes do galeguismo da posguerra, conforma unha nova xeración de mozos forxados na Universidade compostelá na continuación do labor regaleguizador iniciado no primeiro terceiro do século XX.

A Editorial Galaxia será a continuadora do traballo desenvolvido no plano político polo Partido Galeguista, e no cultural por entidades como o Seminario de Estudos Galegos. E nese contexto de reconstrución do galeguismo cultural Franco Grande vai ter unha participación decisiva. O seu libro *Os anos escuros* relata con migalleira análise ese proceso no que van xurdindo novos valores, tanto no ámbito literario como na dinamización cultural e política. *Grial* e a *Revista de Economía de Galicia* son dúas publicacións periódicas básicas para ese rearme cultural e ideolóxico, arredor das cales vaise creando un grupo cada vez máis numeroso de persoas que retoman o discurso galeguista tronzado pola guerra civil. E aí está Franco Grande, no cerne dese movemento reartellador. Velaí como para entendermos esta ardua tarefa cómpre que nos informemos dos rexeos estes que a manteñen erguida.

CREADOR LITERARIO

O obra literaria de Franco Grande abrangue tódolos campos, iniciándose durante a súa etapa de estudante en Compostela, onde obtén en cinco ocasións o primeiro premio e a flor natural nas Festas Minervais da Universidade. Cando contaba con 19 anos, o Centro Galego de Bos Aires premia o seu libro de poemas *Brétemas do Vieiro*; en 1957 publica a peza teatral *Vieiro Choído*. O seu libro de poemas *Entre o si e o non* foi galardoado co Premio Nacional de Literatura Rosalía de Castro.

Colabora activamente no xornal compostelán *La Noche* e na revista *Grial* publicada pola Editorial Galaxia, da que forma parte como membro do consello de redacción.

Traduciu ao galego a varios autores da literatura universal como Jean Anouilh e Jean Giradoux.

Franco Grande preparou a edición crítica da *Obra Completa de Manuel Leiras Pulpeiro* (1970). Mais a súa obra de vital importancia para a lingua galega foi o *Dicionario Galego-Castelán* publicado pola Editorial Galaxia o 25 de outubro de 1968. Unha obra que había ser necesaria, imprescindible, un par de anos despois cando se incorpora o estudo da lingua galega no sistema educativo. Ese dicionario foi un instrumento de vital importancia para que varias xeracións de galegos e galegas tivesen a oportunidade de coñecer a nosa lingua. Esta obra foi reeditada moitas veces ata completar un total aproximado de medio millón de exemplares. Os dicionaristas adoitan falar do “Franco Grande” como unha denominación que marcou unha época.

A súa presenza como articulista nos medios de comunicación escritos contabilizan milleiros de colaboracións, sempre defendendo a nosa identidade e as súas manifestacións culturais.

Por este meritorio labor foi nomeado académico numerario da Real Academia Galega, á que aínda segue a pertencer.

DINAMIZADOR CULTURAL

O labor de Franco Grande non se limitou na “longa noite de pedra” do franquismo a traballar no campo literario. Tamén fixo un valiosísimo traballo de animador cultural. Dirixiu un espazo radiofónico - *Raíz e Tempo*- que emitía semanalmente a emisora “La Voz de Vigo” nunha franxa horaria de moita audiencia; participou como fundador da Asociación Cultural de Vigo, a única asociación de marcado carácter galeguista creada na década dos anos sesenta; neste período Cintia, unha cantautora catalá, gravou na discográfica Digma, a versión galega do espiritual negro tan popularizado pola cantante americana Joan Baez, “Venceremos Nós”, que foi o himno das mobilizacións estudiantís que se produciron en Santiago de Compostela en 1968 cunha versión galega que contou tamén coa súa habilidade tradutora; participou, asemade, no movemento de galeguización da liturxia. Foi conferenciante e colaborou en cantas publicacións se editaban nesa época para difundir a cultura galega. Neste traballo realizado arreo, que simultaneaba coa súa profesión de avogado, aproximouse á militancia política no Partido Socialista Galego na clandestinidade.

TOMIÑO NA OBRA DE FRANCO GRANDE

A cultura arraiana do Baixo Miño está presente na obra literaria de Franco Grande. Os seus poemarios teñen no imaxinario colectivo de Tomiño a fonte de inspiración da que se nutre gran parte dos seus poemarios. Nesa contorna xeográfica recolleu moitas variantes dialectais que incorporou ao seu Dicionario.

Cando acaba de cumprir 75 anos, a vitalidade intelectual de Franco Grande é de tal natureza que segue estando presente no escenario cultural do país, ora escribindo, ora participando en congresos e seminarios, ou formando parte do consello reitor do IGADI.

Por estas razóns e outras que se poderían enumerar para dar unha idea completa dos méritos intelectuais de Xosé L.Franco Grande é polo que se considera que o Concello de Tomiño debe recoñecerlle a contribución que fixo á reconstrución da identidade galega en tempos difíciles, nomeándoo Fillo Predilecto do Concello, para exemplo de todos, pero sobre todo das novas xeracións, que serán as que terán que continuar o labor emprendido por el. Tomiño pode gabarse de ter entre os seus fillos un galego universal, un galeguista que, ao igual que outros no Rexurdimento ou no primeiro terzo do século XX, fixeron que Galicia mantivese vivo o seu acervo cultural e lingüístico, patrimonio común da Humanidade.